

Testamento

Burro do Alfredo



Laza, 8 de Marzo de 2.011

Glorioso San Juan Bautista,
Patrón do Pobo de Laza,
Dáme xeito, mau e pluma,
Para contar esta desgraza.

Morreu a burra do Alfredo,
De todos é conocido,
Por ser sogro do ex alcalde,
Pois é alcalde dimitido.

Pobre home, díos nos libre,
Non aguantou a presión
Cando viu morrer a burra
Presentou a dimisión.

Era lista como un allo,
Dicen os da oposición,
Que falaba coa burriña
E pedíalle opinión.

O pobriño do animal,
No cortello quedou teso
Tivérona que sacar
Entre catro homes a peso.

Nunha perna estaba o Suso,
O abel na outra canela,
Entre o Alfredo e o José Ángel
Tiraban cunha corda dela.

Dixo o Suso Recari,
A min agárranme en todas,
Pra unha cena non me chaman,
Solo me buscan pras fodas.

O Jordi entre as cortiñas,
Botándolle unhas olladas
Mirando a parafernalia ,
Partíase a carcaxadas.

Como sabía do sitio
O Abel ideou un plan,
Foi desenterrar a burra
E escondeuna no capelán.

Picouna en dez mil talladas
Sen que ninguén vira nada,
Agora sae pouco a pouco,
De empanada en empanada.

Vai caer moi repartida,
En toda a comunidade,
Verédela convertida
No gordo de navidad.

Así a morte da Burra,
Aquí no pobo de Laza,
O seu paso foi deixando
Mil e unha desgraza.

A crises que nos asola,
A ministra que nos viu,
O cura que é igual de parvo,
E o alcalde que dimitiu.

Fun nombrado no concello,
En pleno extraordinario,
Pregoeiro da noticia,
Para todo o vecindario.
(corneta)

Po orden do señor alcalde,
Que vaia berenjenal,
Un dos dous é quen me manda,
Pero aínda non sei cal.

Aquí veño, e traio orden,
De que informe ó persoal,
Que Laza ten novo alcalde,
O excelentísimo Moncho Barreal.

Vulgarmente coñecido
En toda a comunidade,
Co sobrenombre citado
De Moncho de Matama.

Manda aviso para aqueles
Listillos do vecindario,
que se vai multar a todos
ós que lle chamen Macario.

Coa excepción, claro está,
E faino como favor,
Indulta ó testamenteiro,
É dicir, un servidor.

Ó acto de investidura,
Sigue dicindo este texto,
Estades invitados todos,
Ou sexa, todos menos o resto.

Creo que quere dicir,
E falo sen medo a fallo,
Que ó final vai invitar
A quen lle salga do carallo.

Despois do citado día,
Desde que se levante da cama
Pasará entón a María
A ser a primeira dama.

O acto de investidura,
Será unha cousa moi guapa,
Virán personalidades,
E pra bendicilo o Papa.

Xa sei que haberá quen pense,
E serán os máis osados,
Mellor que bendiga ó pobo,
Díos nos pille confesados.

Avisaron do Vaticano,
Por dar xeito a este morengo,
Se non pode vir o Papa,
Mandarán o camarlengo.

Como a cousa está moi mal
O alcalde e moi sincero,
Arranxar co de Cerdedelo,
E o noso, Don Luís Romero.

Queda dito a todo cristo,
Dende a Rúa ata o Toural,
Desde hoxe o novo alcalde,
É Don Moncho Barreal.
(corneta)

Parece que estou vendo
Na palestra a don Adilo,
Esperando a ver que solta
Alí todo o mundo en vilo.

Este honor nunca se paga,
Ni con vino ni con carne,
Bendicir la investidura,
Del Señor Fraga Iribarne.

No vayáis a pensar,
De que me he confundido,
Que más da Moncho que Fraga,
Si son del mesmo partido.

Don Luís será o encargado
De pórllle a coroa e o manto.
A ver si se vai confundir
E o vende como un santo.

Con isto da recesión
Aquí nin díos se menea,
Antes de gastar un duro,
A xente fai o que sea.

Si o teu fillo cumpre anos,
O preguntar, coidadito,
E qué queres de regalo?
Quero a wii, ou un hermanito.

Carallo!! Xa a cagamos,
Para non tocar a moeda,
Se a Wii son trescentos euros,
Pois xa sabes o que queda.

Alá vas por a parexiña,
Mira ti que carallada,
Todo día dando lume
E non se queda preñada.

Catro meses intentando,
E non é o que esperaba,
Ela dice de ir o medico,
E ti dices, o que me faltaba.

Logo empeza o “matasanos”
Co tema da ovulación,
Tedes que estar preparados
Esperando a ocasión.

Tomade a temperatura,
Xa sabedes o que toca,
E a pobre anda todo o día
Co termómetro na boca.

Alá che soa o teléfono,
Descolgas i e a muller,
Cariño, a temperatura,
E o momento de o facer.

A ver cómo lle explicas o jefe
Toda esta “chaladura”.
Voume a casa que a muller
Subiulle a temperatura.

Non pode atendela un medico?
Dice o jefe, penso eu.
Home jefe, prefería
Que o meniño fora meu.

Dez meses zumba que dálle,
Oito médicos de pago,
E alá vai un que che dice,
Que tes o espermatozoide vago.

Ya sabes que de millones
Sólo uno gana la mano,
Entonces quedas pensando,
Igual que no gran hermano.

Pero no se preocupe,
Se lo podemos coger
Sacárselo a usted de un huevo
Y ponérselo a su mujer.

Unha cousa é que sean vagos,
Ou teñan a barriga farta,
E outra e poñerlle un taxi
Para recorrer media cuarta.

O final de tanto intento,
Buscámoslle solución,
O rapaz xa ten a wii
E acabouse a discusión.

Agora no só é a crises,
Ata o sexo anda moi mal,
Tanto efecto ten na xente,
Como no reino animal.

Aí tedes ó can do Falúas,
O pobre anda a dúas velas,
Monta nas vacas do Lero,
Pois non atopa cadelas.

Que non vos estrañe nada
Si vemos vacas ladrando,
Ou o que é peor aínda,
Os cadelos escornando.

Pero no é solo este,
Que o canciño do Carroucas,
Non sei que raio lle pasa
Que trae ás ovellas loucas.

O sentir vir a beceira,
Pónselle o rabo dereito,
Como son tantas ovellas
O pobriño non dá feito.

Alá vai unha por unha
Vinte ou trinta, dálle igual,
Sexa coitus interruptus,
Ou senón vía coito anal.

Pois que se vele o Carroucas,
Non bote a sesta no prado,
Que se o can sigue a secuencia,
Pódeo agarrar despistado.

Por iso agora o Carroucas
Non sei como demo é,
Ten un canciño pequeno,
Que en vez de guau fai, beee.

Pero o tema este da crises
Vaise acabar de contado
En canto entre o Rajoy
Xa queda todo arranxado.

Como por arte de maxia,
En uns meses xa veredes,
Os cartos como as formigas,
Han baixar por as paredes.

Xa me estou vendo, veciños,
Para vir botar o sermón,
En lugar de traer corozas,
Cun abrigo de visión.

E nada de vir en burro
Subindo por a Picota,
Ei de vir no Papa móbil,
Tapadiño coa capota

Por se foran poucos males,
Viñeron uns desgraciados
Plantáronlle lume ó monte,
Houbemos de ser queimados.

Pero logo non sabedes?
Saíu na televisión,
Visita al pueblo de Laza
De la ministra "CACHÓN".

Díxolle o Zapatero,
Vaite a Laza de contado.
Iso si, hai que dicilo,
Xa estaba o lume apagado.

Algunha xente dudaba,
Pois aínda non o creo,
E todo o mundo pensaba,
Que estaban de "chacon-deo"

Tamén vos manda carallo!!
O colmo da imprecisión,
Que veña ó lume una ministra
Que se apelida CACHÓN.

Resultar, resulta curioso,
A ver si non teño razón,
Cando o rego traía auga,
Dicíamos, ei ven o cachón.

Pobre muller,
Onde veu parar,
Menos mal que estaba o mocho
E saíuna a rescatar.

Apareceu cos bomberos,
Aí na do Bacallana,
Firmes e uniformados,
Como a guardia pretoriana.

Estes quen son?
Preguntou a Chacón,
Es la legión
Del teniente Ramón.

Comparado co que conto,
O que contei non é nada,
Alá mandan a ministra
No helicóptero coa brigada.

Pensaba a xente asustada,
A ver si díos ten piedad,
Ala mandan á ministra
Cos lambóns do "equipo A".

O Pedrito do Andaluz
Foi o que apagou a luz,
O Cheche do Amoroso
Foi o que empezou o acoso,
O Abel do Chalamenco
Bailou con ela un flamenco,
O Cristian do Modesto
Empaquetoulle o cu nun cesto
O Marcos da Lucía
Metíalle mau e fuxía,
O Fran do Galandiño
Tocáballe no cucifío.

O piloto alucinado
Colle a radio ó ver o tema,
Piloto llámando a base,
Huston, temos un problema.

Aquí los hombre de "Harrison"
Han tomado la manija,
Van detrás de la ministra
Y llevan fuera la pija.

No quisiera equivocarme,
Pero voy a ir al "jrano"
Aquí arriba hay una orgía,
Todo díos metiendo mano.

(cambio)

Atención, atención,
Base llamando a piloto,
Trae a la ministra a tierra,
Por cojones, cambio y corto.

Aterrizo Sra ministra?
Preguntou despavorido,
Díxolle ela, da outra volta,
O sino estás despedido

Pois aínda menos mal,
Que para curar todos males,
Aparece a selección
Vai e gana os mundiales.

O que isto xurdiu na xente
Chamoume moito a atención,
Converteu a todo o pobo
Nunha festa en comunión.

Cando vimos que por fin
España gana os mundiales,
Ata os máis nacionalistas
Se volveron nacionales.

Hai que ver a selección,
Comentaban os do bloque,
Como nós nas eleccións,
Xogan o primeiro toque.

Aconteceu o soñado,
Cando mete o gol Iniesta,
Os do bloque de contado,
Empezaron xa coa festa.

Non dou crédito ó que vexo,
Nada máis entrar a bola,
Os bloquistas enroscados
Na bandeira Española.

Puiden ver de cerca ó Dodo,
Entoando o cara ó sol,
Cantando co a mau en alto,
Yo soy español ,español, español.

O jolgorio non paraba,
A xente volvíase loca,
Aí ves ó José Ángel e ó Dodo,
A darse beixos na boca.

Agora os "solteirós" de Laza,
Marchan todos cara vales,
En busca da zona wifi
Por iso das redes sociales.

Ei tedes o GIGI,
Colgou nos Factbook unhas fotos,
E cando o ven as mulleres
Póñense igual que motos.

Nun retrato moi bonito,
Aparecen il e o irmau,
Os dous cun tanga de flores
E agarradiños da mau.

Con zapatos de charol,
E unha torera con flecos,
Por díos que me leve o demo,
Se non parecen os Pecos.

Eu fixar fixeime ben,
Pero non os coñecía,
Con esa pose tan fashion,
De Abanico Locomia.

Pra o que non lle gusta o Facebook,
O twitter é outra opción,
Esta foi a que elixiu,
O noso amigo Percherón.

Navegando por youtube,
Quedei coa cabeza gacha,
O Percherón e o seu cu,
Ámbolos dous á recacha.

Con un calzón de leopardo,
Aparece tan feliz,
Marcando ben o paquete,
Confundino co Brad Pitt.

Entón pra ver si ligaba
No twitter puxo unha nota,
Hai que ver este carallo,
Pra o que lle da a cocorota.

Hola chicas, yo soy Perchi,
Debedes de andar al loro,
Me conocen en mi casa
Por el soltero de oro.

Si home si, estás apañado,
Isto si que é un bolo,
Quen o vai coñecer na casa
Si o Perchi vive solo.

Continuo coa presentación
Pois non vos ten desperdicio,
Prestade ben atención
Xa veredes que estropicio.

Tengo un cuerpo muy fornido
De ir a la vía en el “corno”,
Las medidas de mi pene
Son propias de un actor porno.

El bigote, muestra clara,
Mi planta de gigoló
Y fozo como Karl Gable
En lo que el viento se llevó.

Eso si, tengo un defecto
Que no puedo controlar,
Por las noches cuando duermo
No paro de esporrear.

Bueno, con un pequeño matiz,
Si hay potage por delante,
De mi casa hasta el Cerdeiro
No hay humano que me aguante

Chegoume aquí unha nota
Da policía de Madrid,
Para que vexades que é certo,
Leva o cuño, e dice así.

Estimado “testamentero”,
Le pedimos con sutileza,
Que nos ayude en un caso
Que nos trae de cabeza.

De Marzo del año pasado
Data el hecho acaecido,
De un vecino de su pueblo
En paradero desconocido.

Andamos con la sospecha
Que pertenece a dos bandas,
Es un tipo peligroso
Conocido por “el Randas”.

La denuncia fue interpuesta
En esta comisaría,
La expongo textualmente
Pa que vea lo que ponía.

Día 27 de Marzo,
9:30 de la mañana,
A la altura de “Halcón Viajes”,
107, la Castellana.

El citado Sr Randas,
Sujetaba dos tablones,
Mientras el perrito Cuqui
Le meó en los pantalones.

Notó un calorcillo raro,
Sintió la pierna mojada,
Observó entonces al chucho,
Con la pata levantada.

Sin pensarlo le metió
Un puntapié del carajo,
Y el perro salió “auleando”
Por la Castellana abajo.

No contento aún con esto,
Agarró un par de latas,
Se las ató en el rabo
Y el perro salió por patas.

Corriendo por la Castellana,
Hay que ver cómo le atiza,
Se metió entre los coches,
Y montó una “escachiza”.

Aquí no acaba el asunto,
La cosa tiene pinrreles,
Allí va el can con las latas
De cabeza a la Cibeles.

Pasada unha media hora
Vino la ama del perrito
Le dio un paraguazo al Randas
Y casi lo deja frito.

Le pedimos que identifique
Al causante del destrozo,
Pa ponerle las esposas
Y llevarlo al calabozo.

Sin otro particular,
Aprovecho mis funciones
Para enviarles un saludo,
Firmado Teniente Padrones.

Pois entón Randas, xa sabes,
Ou te entregas por ti solo,
Ou chamo o 47
Para que te leve no colo.

Quen di que Laza non medra,
Sen duda é mala persona,
A ver que pobo ten eroski,
Carrefour, ou Mercadona.

Si ves leitugas na horta
Podes botarlle a mau,
Podes coller o que queiras
Sen medo a levar un pau.

Isto mándavos carallo,
Custóucheme ben créelo,
Que aquí no pobo de Laza,
Andan os pementos a “vuelo”.

Non sei si desaparecen,
Por algún tipo de peste,
Ou baixan de noite os ovis
E lévanos os extraterrestres.

Unha das damnificadas
Foivos a Marina Peita,
Entre froitas e tomates,
Quedoulle a horta desfeita.

Berrando por Cimadevila
A Marina botaba fume,
Saíu a xente do bar,
Pensando que había lume.

O alcalde puxo un bando,
Que avisa a todo veciño,
Que si quere ter pementos
Ha de ter coidadiño.

“Si queredes que non vos rouben,
Douvos varias solucións,
Poñede musica na horta,
Para espantar os ladróns”.

Eu pensando neste asunto
Púxenme un disco a gravar,
Chamase o “salva nabos”
E vóuvolo presentar.

(Musica da cabritinha)

**Cando eu nacín
A miña nai non daba leite,
Fun criada a tomate e ensalada,**

**De vez en cuando
Arrimáballe un pemento,
Entón así dese xeito
Fiquei mal habituada.**

**Por iso agora
O ver unha tomateira,
Dou un brinco cara a leira,
E métolle unha dentada.**

**I eu gosto de afanar,
Tomates da tomateira.
I eu gosto de afanar,
Pementos da pementeira,
I eu gosto de afanar,
Cebolas da ceboleira.
Como están soltas na horta
Uño nelas cando queira.**

**Por a mañá
Cando aínda estou medio durmida,
Para faceres a comida,
Vou as hortas, pra comprar.**

**Por un siascaso
do lumbago estou jodida,
Deixo a bolsa escondida
E á noite vouna buscar.**

**I eu gosto de afanar,
Tomates da tomateira.
I eu gosto de afanar,
Pementos da pementeira.
I eu gosto de afanar,
Cebolas da ceboleira.
Como están soltas na horta
Uño nelas cando queira.**

**Andan dicindo
que roubar e un pecado,
a min iso no che me importa nada
eu mando a merda
a quen me ven con ese “cuento”,
non creo que por un pemento
vaia o inferno condenada.
Tamén o cura
Vende os Santos da parroquia,
Cal se foran cousa propia,
E ninguén lle dice nada.**

**I eu gosto de afanar,
Tomates da tomateira.
I eu gosto de afanar,
Pementos da pementeira.
I eu gosto de afanar,
Cebolas da ceboleira.
Como están soltas na horta
Uño nelas cando queira.**

Ó ver as cara de fame
Vou chegando a conclusión,
De que aquí o que quere a xente
E que chegue a repartición.

Hai por aí alguén,
Aínda que me unte a pavana,
Que vai baixar d’aquí quente,
Porque me da a min a gana.

Non vou andar con rodeos,
Por que está aquí de pe,
Xa vos daredes de conta
Que vos falo do Végé.

Desde terras do val de Laza
Ata Vilariño de Conso,
Non hai fulano máis rápido,
Chámanlle Fernando Alonso.

El ten un Porsche carrera,
Bueno, non ten, tiña,
Que llo pregunten o Hermogenes
Que lle foi arar á viña.

Aplicoulle o teorema
Que di o Tino de Detodta.
“ pensa que a dinia dezta
Sempre é a dinia máis codta”.

E claro,
Como se vai a casar,
Para non perder o tempo,
A vaca quixo atallar.

Agora entroullela presa,
E quere ir a degóello,
Anda louco por casar
Pois pensa que xa é vello.

Moito vai ter que correr,
Iso queira ou non queira,
Entre todos os colegas
Levámosche moita dianteira.

Aínda que este é moi capaz,
Pois conozco o personaxe,
De empacetallo a muller
Tres rapaces dun viaxe.

Por iso non teño duda,
Doulle as tetas da burra
Que mame delas si quere
Ou faga o que se lle ocorra.

Así na noite de vodas,
Que de iso non che ha faltar,
Non veñas pedindo axuda
Que non che imos axudar.

O Gilpe sempre me dice,
Que nunca lle toca nada,
Pois como el é panadeiro
Voulle dar pra unha empanada.

Aconteceulle aí no Outeiro,
Unha cousa moi graciosa,
Ia o Gilpe na súa moto,
Parecía o Dani Pedrosa.

Entrou tumbado na curva,
E saíu abrindo gas,
Vai a modo Valentino,
De repente oíuse, zas!!

Ía tan acelerado
Por tomares o vasete,
Que entrou na do Portagero,
El e máis a mobilete.

Á Alicia que adurmiñaba,
Foille encima sen avisar,
Ai por Díos, que peguen “dile”,
Que me quere violar.

O Gilpe heille de dar
Os ollos da burra morta,
A ver si a próxima vez
Atina a entrar por a porta.

A Norita téñolle algo
Que lle dou de boa gana,
E a cincha desta burra
Para que se ate ben á cama.

Aínda que vos fai ximnasia
E a Muller non para quieta,
Agarrou unhos quiliños
Vaise ter que por a dieta.

Unha noite foi durmir
E fixo o salto da rana,
Do bourazo que meteu,
Partiu en cachos a cama.

Entre os pes e o cabeceiro
Berraba desconsolada,
Consuelo sube por díos,
Que me quedei entalada.

Chamar a protección civil,
Marchou correndo a Consuelo,
Botaron as mans á cabeza
Ó chegar e ver aquilo.

O tema está controlado,
Non se preocupe señora,
Xa chamamos ós do chancas,
Que veñan coa paleadora.

A Isolina do Cachoupo
Andaba con moitos picores,
Correndo marchou ó medico
Para tratar os escozores.

Aquí veño Señor doutor,
E non me queixo de vicio,
Ou me saca este picor,
Ou armo aquí un estropicio.

A ver, señora Isolina,
Sáquese usted el refajo.
Donde tienes los picores?
Pues me pica aquí por bajo.

Pa que vaya mejorando,
Una crema le voy dar,
Se la aplica en la epidermis
Y pronto se va a curar.

Unte bien dicha epidermis
De una capa bien repleta
Que penetre por abajo
Una semana completa.

Marchou pra casa a Isolina,
Preguntoulle o Sixto, qué?
Faloume algo da epidermis,
Pero nos che sei o que é.

Vaia por díos! dixo o Sixto,
Parece mentira, Isolina,
A epidermis, está claro,
Que se trata da vagina.

Pois entonces dixo que a unte,
Cunha capa ben repleta,
Ben metida por abaixo,
E dicir, por a peseta.

Que noite pasou a muller,
O que antes eran picores,
Despois dunhas cantas horas
Convertéronse en ardores.

Por conta de refrescala,
Botoulle un pouco perfume,
Acabou de rematala,
Aquelo botaba lume.

Saca Sixto por díos,
A mangueira da bragueta,
Apaga este lume pronto
Que me está ardendo a zoreta.

Para dar a “cousa” da burra,
Este ano dudei pouco,
Aí lle vai, que non se queixen,
Pra Isolina e pro cachoupo.

Si queredes ir de caza,
Sei eu de tres rastreadores
En todo o concello de Laza
Non vos hai outros mellores.

.
Un é o Loliño de barrio,
Outro éche o Quin do Ardillas.
Outro o Suso do Recarí,
Seica fan maravillas.

Contáronme que aí atrás,
Non sei se é verdade ou non,
Que andiveron de safari
Á caza do rei león.

Agarraron as forquitas
E nada máis chegar o monte,
Ruxía algo entre unhas xestas,
Parecía un rinoceronte.

Botáronse enriba del,
Pro falloulle a intuición,
O que viron foi un corno
Pero era dun castrón.

Tamén dixeron que había
Un hipopótamo cunha esquila,
Que ó final resultou ser
O Rafael de Cimadevila.

Por iso estes tres lambóns
Incluínos nesta lista,
Doulles entón o nariz
Pra que sigan ben a pista.

Do ex alcalde José Ángel
Veredes que non me olvido,
Vinte anos dándolle caña
E nunca se enfadou comigo.

Y si algunha vez se enfadou,
Escondeuno entre as súas penas
Dese xeito demostrou
Que leva a Laza nas venas.

Moitas trasnadas lle fixen,
En rirse foi o primeiro
Respetou con clase e temple
Ó cabrón do testamenteiro.

Xa sei que ha de estar pensando,
Vaia lambón do carallo!!
Pero tamén sei que sabe,
Que este é o meu traballo.

Vou ser cortes e Valente,
Non me vou parar xa máis,
Un abrazo e ata sempre,
José Ángel García Morais.

Coñecéndome como me coñeces,
E sabendo que sempre a lío,
Non irás pensar agora
Que vas marchar de vacío.

Pois creo que he de recibo
Aproveitando a ocasión,
Explicarvos o motivo
E o porque da dimisión.

O pobo quedou cocido,
De boca en boca corría
A noticia de que o alcalde
la deixar a alcaldía.

Chamei rápido á Carmiña
Por si estaba desgustada,
Díxome, voucho contar,
Pro, por díos non digas nada.

Que todo isto que che conte
Non vaia saír de aquí.
O José Ángel deixa al alcaldía
Por problemas no pipí.

No pipí?,
Non dou crédito o escoitado,
Pois é tal como cho conto,
Quedóuselle encasquillado.

Entre o banco e a alcaldía,
Non estirou máis a manta,
O diagnóstico está claro,
Vamos, que non se lle levanta.

Pois entonces fixo ben,
En deixar este traballo,
Na súa vida sexual,
Manda el e o carallo.

O animal que aquí reparto,
Era burra o fin e o cabo.
Por si o del non lle funciona
Voulle entonces dar o rabo.

Nin se che ocorra tiralo,
Nin o vaias por a venta,
Si podes utilízalo,
A Carmiña ha estar contenta.

O Severo e a Filocha
Que pasaron un mal trago,
Acordeime moito deles,
Están vivos de milagro.

A Conchi que dorme arriba,
Pensou que andaba un ladrón,
Logo se puxo en garda,
Tivo que entrar en acción.

Nunha mau a metralleta,
Na outra mau colleu un mango,
Puxo a cincha na cabeza,
Mesmo parecía o Rambo.

Meteu o machete no cinto,
Dixo, bueno, vou pralá,
Abre a porta, quieto todos,
E algo buliu no sofá.

O Severo e a Filocha,
Que estaban a resonar,
Quedáronse os dous durmidos
Mentres vían o luar.

A Filocha abriu os ollos,
Atopouse coa escopeta
Das do caño recortado
Apuntándolle a unha teta.

Arnejado sea o demo,
Estámosche amolados,
Dálle os cartos Severino
Que son os encapuchados.

Pois co medo que pasaron,
Despois da noite tan dura,
Vaille a albarda da burreca
Pra que a poñan de armadura.

Cos bares que hai en Laza,
Está a xente moi contenta,
Por iso durante o ano,
Está todo que rebenta.

Ei no bar da Picota,
A non ser un día de festa,
O Colas baila a muiñeira,
Y a Jeluca dorme a sesta.

Na do Ardillas e a Rocio,
Péganlle máis o Internet,
Vas tomar unha cervexa
E igual che poñen un té.

Na Helena de Souteliño,
Cousa que non entendo,
Vas comer una perdiz,
E escapa do prato correndo.

Na do Kas, pra que contarvos,
Hai que alucinar, señores,
Como é moi grande o sitio,
Fixo club de fumadores.

O Pistijos foi máis listo,
Como non deixan fumar,
Puxo un caño cara o patio
E todo díos a chupar.

Pra que paguen os impostos,
Que lles ten posto o goberno
Doulle as orellas da Burra,
Que era un anaco moi tierno.

Entón ó levar as dúas,
É como máis lles vale,
Así poderán dicir,
Por unha me entra e outra me sale.

Si algún dos que aquí nombrei
Me quere levar por diante
Antes de matarme a paus
Voume facer donante.

Doarei o corazón
Por si algún peito cansado,
Quixera ser restaurado
E entrar de novo en acción.

Quen leve a trasplatación,
Que se prepare primeiro,
Saiba que este corazón
Pertence a un Peliqueiro.

Tamén doaría a gaita,
Pois son músico gaiteiro,
Toquei sen desafinar,
Sen palleta nin punteiro.

Iso si, deixo encargado
Que o ir camiño das nubes
Como a min xa no me vale
Que lle ma poñan ó rubes.

Cumpriría este capricho,
Aí si que ía ter sorte,
Ver ó Rubes desde o nicho
Coa miña gaita dar forte.

Doaría o corpo enteiro,
Pro hai dúas cousas que non,
É por motivos diversos,
Vouvos dicir cales son.

A boca non a hei doar,
Pois é libre e xa ten dono,
Que me vale para cantar
E abrila si teño sono.

Eu xa sei que moitas veces
Fala cando non lle toca,
Por iso son responsable
Do que diga a miña boca.

Como é boca de doniña,
Prefiro logo que se perda,
Antes que por boca miña
Fale algún “comemierda”.

Outra cousa que non dono,
i é por razón de “salú”,
xa vos daredes de conta
que me refiro o meu cu.

Aí quietiño no seu sitio,
Non vaia haber un confuso,
Que despois de o colocar
Lle puidera dar mal uso.

Coido del con moito esmero,
Lavo ben, e a menudo,
Conseguín así o que quero,
Un cución caralludo.

Para que logo na trasplatación
Veña un “cirujano” chulo,
Lle mo poña a un maricón
E morto me dean por culo.

Que o pateen si é preciso
Pro furalo si que non!
Cada cousa no seu sitio
E o cu na súa posición.

As xentes de Matama,
De Arcucelos e Retorta,
Xa que son moi entroideiros,
Doulle a pel da burra morta.

Camba, Toro e Cervedelo,
Como houbo moita neve,
Levan logo as ferraduras
A ver se hai quen llas leve.

Foi a burra sen a crin,
Que lla cortei coas teseiras,
Para os veciños de Trez,
E tamén para os dás Eiras.

Para Soutelo, Vilameá,
E tamén para os de Castro,
Os miudos da burriña
Que os leven nun canastro.

Non podo deixar sen nada,
A Naveaus e Tamicelas,
Para que entón queden contentos
Aí lle van as entretelas.

Xente do Pereiro
Tropa do carallo!!
Que repartan as costelas
Con Correchouso e no Navallo.

A Carraxo e Carraxó,
E tamén a Alberguería,
Doulle a manta e que se tapen
Por que é unha zona moi fría.

O Entroido no é un,
O Entroido somos todos,
Dende unha punta a outra
O concello cos seus pobos.

Por iso o Entroido de Laza
É o Entroido dos pobos
Pra facelo aínda máis grande
Hai que xunguirse todos.

Mais que paristes a os fillos,
O mellor do mundo enteiro,
Que levastes nove meses,
Na barriga a un Peliqueiro.

Que lles destes esa sangue
Pra o pisar aquí na praza,
Que hasta as mesmas pedras saben
Que é sangue do Val de Laza.

O que sinte un Peliqueiro,
Nunca ninguén o sentiu,
Que vivan os Peliqueiros
E a madre que os pariu.

Esta mañá o levantarme,
Díxome a miña muller,
Esta tarde sube o palco
e por díos, faime tremer.

Pensando que quería festa,
Boteille a mau a unha teta,
Remangou a mau de lado
E a hostia planchoume jeta.

...Así facéndolle caso,
Volto cun saco de soños,
Mirando as caras da xente,
Dos máis vellos e os retoños.

Subido no alto do burro,
Avanzo calado e pensando,
Mirei pra o ceo e sentín,
Que alguén me estaban mirando.

Tramando os últimos versos,
Viñéronme entón a memoria,
Aqueles que aínda recordo,
Dos máis entroideiros da historia.

O Ñico e o Alfredito
Cunhas corozas por diante,
O seu lado co cu á recacha,
O Cuco e máis o Paleante.

Revolvéronse os burro
E sentín tremer o corpo,
Alí vin o Végeg vello
E o tío Xogaporco.

Tirando patrás do rabo,
Quen ia ser senón?,
Quen me fixo mil trasnadas,
Era o Antonio “Garrafón”.

Con dúas sacas de cinsa,
Carallo!! Como pra non vela,
Estaba xa preparada
A tía Avelina cachela.

Ala cantando o “son voltas”,
Bebendo viño dun grolo,
O neno de Souteliño,
O Lero e máis o Ciroló.

Entre a xente presinto algo
Que me enche de calor,
Mirándome con orgullo,
Meu tío Lolo Ferrador.

Era un martes 3 de marzo,
Daquel ano 87,
Como lle tremían as pernas
Este humilde moalbetes.

Vintecinco anos levo,
Xa botando o testamento,
Pondo a “íalma” en cada frase,
dende o primeiro momento.

Pasei noites sen durmir,
Rindo con cada invento,
E cantas veces chorei
Rematando o testamento.

Fun sentindo ano tras ano,
O aprecio de todos vós,
Por iso vos dou as grazas,
E un saco de cagallós.

Co vento veume o recordo
Daquela mañá de “estrena”,
Daquela noite de foliada,
Daquela tarde coa “morena”.

Por iso neste momento
Chamo a guerra os Peliqueiros,
Pra loitar por este Entroido
Que é o mellor do mundo enteiro.

Alzade o ceo as caretas,
Que os chocos toquen lixeiro,
A ponte entro os que se foron
Sodes vós Peliqueiros.

Que estoupe aquí o noso berro,
Como o golpe dunha maza,
E no ceo quede o eco.
VIVA O ENTROIDO DE LAZA!!!

Nun martes de Entroido, día 8 de
Marzo do 2011.

*Só espero que este feixe de contos poda
arrancar un sorriso do voso interior, con iso só
conformareime.*

*Un Testamento do burro sempre é feito por
vós, eu solo poño a alma.*

Dopa.